

**Sarela**

**III Plan  
Estratéxico da  
Asociación de  
Dano Cerebral  
de Compostela  
Sarela  
2023-2024**

# III Plan Estratégico da Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela 2023-2024

**Santiago de Compostela, decembro de 2022**

**Coordinación: Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela**

**Asistencia técnica na elaboración: Retnova Proxectia Consulting**



**RETNOVA**  
ProxectiaConsulting

retnova@retnova.com  
www.retnova.com

## Índice

PRESENTACIÓN.....	3
1. INTRODUCCIÓN .....	4
2. PROCESO DE ELABORACIÓN.....	6
3. DESCRICIÓN BÁSICA DE SARELA.....	10
3.1 A ASOCIACIÓN .....	10
3.2 MISIÓN, VISIÓN, E VALORES DA ORGANIZACIÓN .....	11
3.3 ACTUAIS SERVIZOS DA ENTIDADE .....	12
4. RESUMO DO DIAGNÓSTICO. ANÁLISE DAFO.....	14
4.1 DESENVOLVEMENTO DO GRUPO. PRINCIPAIS ACHEGAS .....	14
4.2 MATRIZ DAFO .....	18
5. FINALIDADE E VIXENCIA DO PLAN.....	21
5.1 FINALIDADE .....	21
5.2 VIXENCIA .....	21
6. ESTRUCTURA DO PLAN.....	21
7. PROGRAMA DE ACCIÓNS .....	25
ÁREA ESTRATÉXICA 1. PROXECCIÓN SOCIAL E COMUNICACIÓN .....	25
ÁREA ESTRATÉXICA 2. SERVIZOS E PROGRAMAS DE CALIDADE PARA AS PERSOAS E AS FAMILIAS .....	33
ÁREA ESTRATÉXICA 3. CONSOLIDACIÓN DA ORGANIZACIÓN.....	39
ÁREA ESTRATÉXICA 4. SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.....	45
8. DIRECTRICES PARA O SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN .....	50
ANEXO 1: TÁBOAS RESUMO DO PROGRAMA DE ACCIÓNS .....	52
ANEXO 2: FICHAS PARA O SEGUIMENTO .....	67

---

## PRESENTACIÓN

---

Comprácenos presentar o **III Plan Estratégico de Sarela 2023-2024**, instrumento guía que dá continuidade ás grandes liñas recollidas no plan anterior e que se enmarca nunha etapa de consolidación da entidade, ás portas da celebración do vinte cinco aniversario da súa fundación no ano 2025, e tamén de crecemento, toda vez que os servizos de Sarela necesitan seguir medrando para dar atención á demanda recibida.

Dende a Xunta Directiva entendemos este Plan Estratégico como unha ferramenta ambiciosamente realista que abrangue as liñas de acción mais significativas nestes tempos de incerteza, tanto no desenvolvemento económico como no social.

Para o seu cumprimento, será un compromiso irrenunciable da Xunta Directiva o seu seguimento pormenorizado, co fin de que se poidan adoptar as medidas facilitadoras e correctoras necesarias para o axeitado desenvolvemento do plan.

Sería un éxito poder conseguir a execución de todas as accións incluídas neste terceiro plan, aínda que, como sabemos, o camiño é o que se goza.

A Xunta Directiva

---

## 1. INTRODUCCIÓN

---

Preséntase neste documento o **III Plan Estratéxico da Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela 2023-2024**.

Con este plan, a asociación dótase dunha ferramenta esencial de traballo na que se define a súa estratexia de acción para os vindeiros dous anos. Inclúe as metas e os obxectivos que se queren conseguir nese tempo a través da posta en marcha dun conxunto ordenado de accións.

Desde un enfoque de pragmatismo e operatividade, o plan establece metas e obxectivos realistas aliñados coa misión e visión da organización. Así, desde Sarela quérese dispoñer dun instrumento realmente útil, con obxectivos e accións factibles e abarcables.

Hai que sinalar, por outro lado, que nun contexto social e económico tan voluble como o actual, optouse por un horizonte temporal de dous anos, o que facilitará a execución das accións previstas e evitará a revisión de obxectivos e actuacións que podería precisar, de ter o plan unha vixencia máis extensa.

O Plan Estratéxico de Sarela que aquí se presenta constitúe o terceiro plan desta natureza para a asociación, e con el se quere consolidar o traballo da entidade en favor das persoas con dano cerebral adquirido<sup>1</sup> e as súas familias na área sanitaria de Santiago e Barbanza, reforzar a súa proxección social e mellorar e ampliar os servizos, optimizando os recursos.

O documento presenta a seguinte estrutura en capítulos:

- A continuación desta introdución, o capítulo 2 describe o proceso metodolóxico desenvolvido para a elaboración do plan.
- O capítulo 3 dedícase á caracterización básica da entidade; dos seus fins, misión, visión e valores, así como á descrición dos servizos que presta na actualidade.
- O capítulo 4 resume os principais resultados do diagnóstico realizado, en concreto, a través dunha análise DAFO.
- O capítulo 5 recolle a finalidade e a vixencia do plan.

---

<sup>1</sup> Dano cerebral adquirido: referido tamén ao longo do documento coa abreviatura DCA.

- O capítulo 6 describe a estrutura xeral do plan, articulada en áreas estratéxicas e obxectivos.
- O capítulo 7 contén o programa de medidas, a parte nuclear do plan.
- O capítulo 8 recolle unhas directrices xerais para a realización do seguimento e avaliación do plan.
- Por último, incorpóranse dous anexos: as táboas resumo do programa de accións co seu correspondente cronograma de execución e as fichas para o seguimento do plan.

---

## 2. PROCESO DE ELABORACIÓN

---

O reto de elaborar una nova folla de ruta das accións que Sarela debe levar a cabo para seguir avanzando na mellora da atención ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias e consolidarse como organización de referencia na súa área de influencia, partiu do compromiso da Dirección e a Xunta Directiva da asociación co desenvolvemento dun proceso participativo no que estivesen representadas todas as persoas da entidade: cargos directivos, Dirección, profesionais, familiares e persoas con DCA.

Desde este presuposto, deseñouse unha metodoloxía participativa, para dar voz aos distintos colectivos vinculados e que ao mesmo tempo fose operativa, para a obtención dun plan realista, con accións abordables e realizables para os próximos dous anos.

A metodoloxía aplicada na elaboración do plan estratéxico constou das seguintes fases:

### 1. Fase diagnóstica

Antes de acometer o deseño dun instrumento de planificación como o plan estratéxico dunha organización, cómpre desenvolver unha diagnose de situación, para a obtención de información sobre o escenario actual e para identificar necesidades, demandas e intereses dos distintos colectivos, de cara á planificación das metas, obxectivos e liñas de acción que cómpre impulsar ou dar continuidade.

Por iso, o diagnóstico realizado tiña como obxectivo determinar se se cumpriron os obxectivos previstos na planificación anterior, identificar novas necesidades, demandas e intereses.

Realizouse, en primeiro lugar, unha análise da documentación de carácter interno facilitada pola Dirección, que serviu principalmente para:

- Contextualizar o labor de Sarela e coñecer a actual oferta de servizos para a atención integral das persoas e das familias.
- Comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos e metas previstas no anterior plan estratéxico.
- Coñecer os intereses estratéxicos da entidade.

- Para iso, revisouse a seguinte documentación, de carácter estratéxico:
  - ⇒ Plans estratéxicos anteriores, nomeadamente o máis recente, para o período 2017-2020.
  - ⇒ Plan de Comunicación.
  - ⇒ Documentos relativos aos grupos de reflexión desenvolvidos en 2021 polo equipo de profesionais da entidade.
- Consultáronse tamén outros documentos internos:
  - ⇒ Estatutos da asociación.
  - ⇒ Política de calidade.
  - ⇒ Memoria de actividades correspondentes aos anos 2021 e 2022.
  - ⇒ Outros documentos e contidos da súa páxina web.

En paralelo a esta análise, deuse comezo ao procedemento de traballo participativo antes aludido. Para iso, conformouse un **Grupo de traballo** integrado por oito persoas de diferente perfil que representan aos distintos colectivos de Sarela: a súa Xunta Directiva, a Dirección da entidade e o seu equipo de traballo, as persoas socias con DCA e a familiares de persoas usuarias da entidade. Ademais, contouse coa participación da Dirección da Fegadace -como entidade de ámbito autonómico da que forma parte Sarela-.

O seguinte cadro recolle a relación das persoas integrantes do Grupo de traballo constituído para a elaboración do presente plan que participaron na análise, concreción e consenso das accións finalmente incluídas neste documento.

CADRO 1. RELACIÓN DAS PERSOAS ASISTENTES ÁS XUNTANZAS DE TRABALLO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO

NOME E APELIDOS	CARGO/RELACIÓN CO DCA
Luciano Fernández Pintor	Secretario da Xunta Directiva. Familiar de persoa con DCA.
Juan José Martínez Martínez	Persoa usuaria con DCA.
Montserrat Terceiro Rey	Persoa usuaria con DCA.
María del Carmen Durán Lea	Familiar de persoa con DCA.



CADRO 1 (Contin.) RELACIÓN DAS PERSOAS ASISTENTES ÁS XUNTANZAS DE TRABALLO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO

NOME E APELIDOS	CARGO/RELACIÓN CO DCA
Begoña Hermida Val	Directora da Fegadace. Profesional.
Rocío García Calvo	Directora de Sarela. Profesional da entidade.
Noelia Parente Vieites	Educación social-Orientación Laboral. Profesional do centro.
Rosa B. Torrado Carreño	Directora de Retnova (asistencia técnica).
María Vidal Martínez	Técnica de Retnova (asistencia técnica).
Lara Fuentes Enjamio	Técnica de Retnova (asistencia técnica).

Conformado este Grupo, convocouse unha primeira mesa de traballo cun dobre obxectivo: coñecer a situación actual de Sarela para identificar necesidades e aspectos de mellora e recompilar as primeiras propostas de actuación nos ámbitos identificados como prioritarios.

## 2. Elaboración do plan

Tras desta produtiva xuntanza, foi posible elaborar un documento borrador como avance de primeiros contidos. Este documento integraba unha proposta de estrutura base do documento do Plan Estratéxico, articulada en áreas estratéxicas e obxectivos e unha primeira proposta de accións.

A dita proposta foi obxecto de estudo e valoración polas persoas integrantes do Grupo de traballo, co fin de recoller novas propostas de actuación e/ou modificacións das formuladas.

Recibidas e analizadas as achegas das persoas integrantes do Grupo, desenvolveuse unha segunda mesa de traballo, dirixida á posta en común das propostas, co fin de consensuar un programa de accións.

Analizadas e valoradas as novas propostas e os cambios suxeridos nesa segunda reunión do Grupo de traballo, procedeuse á aplicación das modificacións pertinentes no texto do programa de accións.

### 3. Aprobación

Unha vez perfilada a redacción do programa de medidas e completado os seus contidos con outros elementos de información de interese (responsables, indicadores de medición etc.), remitiuse á Dirección da entidade para a súa validación técnica.

O documento completo do Plan Estratégico foi remitido novamente a todas as persoas do Grupo de traballo para a presentación de alegacións finais.

Finalmente, o Plan Estratégico da Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela 2023-2024 foi presentando e aprobado pola súa Xunta Directiva en reunión celebrada o día 16 de decembro de 2022 e presentado e referendado na Asemblea Ordinaria de 2023.

---

## 3. DESCRIPCIÓN BÁSICA DE SARELA

---

### 3.1 A ASOCIACIÓN

Sarela é unha entidade sen ánimo de lucro creada en decembro de 2000 por familiares e persoas con dano cerebral adquirido (DCA) que desenvolve o seu labor nos concellos que integran a área sanitaria de Santiago e Barbanza.

A súa sede emprázase na capital galega, no barrio do Castiñeiriño (Rúa Pedro Cabezas González, 3) e dispón dunha instalacións de en torno a 1.600 m<sup>2</sup> que albergan distintos servizos.

Na actualidade, a base social de Sarela está formada por máis de 800 persoas entre socios e socias (770 en 2020), persoas colaboradoras, voluntariado e profesionais, que traballan para acadar a misión de mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e a das súas familias.

Segundo os estatutos da asociación, o seus fins principais son:

- a) Promover a defensa dos dereitos, a integración e normalización social das persoas con dano cerebral adquirido.
- b) O coidado, a asistencia e a protección das persoas con dano cerebral adquirido.
- c) A promoción dos servizo sanitarios, asistenciais, educativos, laborais, residenciais e sociais necesarios e axeitados para cubrir as necesidades das persoas con dano cerebral adquirido.
- d) A tutela xurídica.
- e) A acollida, orientación e formación de pais, nais e familiares.
- f) Da a coñecer á comunidade os problemas humanos e sociais das persoas con dano cerebral adquirido.
- g) A reivindicación, en nome das persoas con dano cerebral adquirido, dos dereitos destas perante todas as institucións públicas e privadas.
- h) Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, contribúa á realización dos obxectivos da asociación ou redunde en beneficio das persoas con dano cerebral adquirido e da comunidade á que pertence.

## 3.2 MISIÓN, VISIÓN, E VALORES DA ORGANIZACIÓN

### Misión

Sarela é unha entidade sen ánimo de lucro promovida por familias afectadas por dano cerebral adquirido, que opera no ámbito xeográfico da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza. Ten como propósito contribuír a previr o dano cerebral adquirido e os seus efectos, proporcionar ás familias e ás persoas directamente afectadas apoios para a potenciación máxima das súas capacidades, promover a súa autonomía persoal e reivindicar e defender os seus dereitos.

### Visión

Sarela é unha asociación aberta á sociedade en xeral prioritariamente á da súa área xeográfica de atención, que defende e reivindica os dereitos das persoas afectadas por dano cerebral adquirido e responde as súas necesidades coa prestación de servizos sociais sociosanitarios especializados e a prevención e sensibilización social sobre o dano cerebral adquirido.

É a referencia principal na atención integral a persoas afectadas por dano cerebral adquirido da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza grazas a súa consolidación organizativa, sustentabilidade económica, e contribución dun equipo humano comprometido coa súa misión.

### Valores

Son valores da asociación:

- A orientación á persoa e á familia.
- A profesionalidade.
- A honestidade.
- O enfoque integral e comunitario.
- A comunicación.
- A independencia.

### 3.3 ACTUAIS SERVIZOS DA ENTIDADE

Na actualidade, a asociación presta os seguintes servizos orientados ás persoas con dano cerebral e ás súas familias:

#### **Atención Diúrna Terapéutica (SADT)**

É o centro de día para persoas en fase crónica ou de estabilización. Nel proporciónase atención integral e especializada.

Segundo datos do ano 2021, dispón dun total de 40 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia, das cales 29 son prazas públicas concertadas coa Consellería de Política Social.

#### **Información, Orientación e Apoio a familias (INFO)**

En Sarela, ademais de dar atención á persoa con DCA, poñen o foco na atención específica á familia, ofrecendo información, formación e atención psicolóxica.

No marco deste servizo organízanse actividades de atención grupal ás familias e atención individual por parte de profesionais do Traballo social e a Psicoloxía.

#### **Orientación Laboral (SOL)**

Este servizo especializado promove a participación activa das persoas con DCA no mundo laboral, reforzando as súas capacidades e non as súas limitacións. A través de entrevistas persoais e itinerarios personalizados de inserción realizan o apoio integral e individualizado en cada unha das fases do proceso de inserción laboral.

#### **Atención Especializada (SAE)**

Este servizo consta dun equipo interdisciplinar formado polas especialidades de fisioterapia, logopedia, psicoloxía/neuropsicoloxía, terapia ocupacional e traballo social, así como da intervención de terapia acuática. Todas elas participan no proceso de rehabilitación dunha persoa con DCA que está en fase subaguda. Nesta fase, unha vez recibida a alta hospitalaria, a persoa comeza a rehabilitación específica segundo as súas necesidades. No Servizo de Atención Especializada (SAE) aténdese tanto a persoas adultas (sen límite de idade) coma a nenos e a nenas.

#### **Mellora e Mantemento da Autonomía Persoal e Inclusión Social (MAPIS)**

Este recurso está orientado a aquelas persoas con dano cerebral adquirido que se atopan na fase de estabilización tras o período de rehabilitación. A través deste servizo pódense beneficiar das diferentes actividades que se propoñen de cara a continuar a

mellora e/ou mantemento das súas capacidades e habilidades adquiridas ata o momento, facendo uso dos recursos comunitarios e favorecendo as relacións interpersoais co resto de compañeiros e compañeiras que comparten as actividades.

### **Terapia acuática**

A terapia acuática é unha intervención terapéutica no proceso de rehabilitación da persoa con dano cerebral adquirido con trastornos sensitivo-motores. Nela desenvólvense sesións individuais e sesións grupais.

Nesta actividade participan as persoas usuarias do Servizo de Atención Especializada (SAE) de Sarela, pero está aberta a todas as persoas con DCA. Realízase tamén traballo específico con bebés e nenas e nenos.

### **Outros servizos e actividades**

#### Voluntariado

Todos os servizos e programas de Sarela están abertos á colaboración cidadá. As únicas condicións son que ese traballo non pode ser substitutivo do dun ou dunha profesional e que a súa participación debe ser activa, cunhas funcións claras e sempre con apoio e supervisión.

#### Intervención sociocomunitaria

Sarela desenvolve accións de sensibilización con poboación xeral (asociacións, centros socioculturais, centros educativos etc.).

Leva a cabo tamén un labor de coordinación con profesionais; reunións e accións de coordinación con profesionais do ámbito sanitario e dos concellos.

---

## 4. RESUMO DO DIAGNÓSTICO. ANÁLISE DAFO

---

Como se indica na descrición do proceso de elaboración (capítulo 2), con carácter previo ao deseño e elaboración do Plan Estratégico levouse a cabo un diagnóstico sobre a situación actual de Sarela.

Ademais das fontes secundarias consultadas, citadas no capítulo mencionado, desenvolveuse unha primeira reunión do Grupo de traballo.

A modo de resumo, expóñense a continuación as principais conclusións en clave diagnóstica a través dunha análise DAFO.

### 4.1 DESENVOLVEMENTO DO GRUPO. PRINCIPAIS ACHEGAS

No marco desta primeira fase, o obxectivo principal desta reunión do Grupo era a identificación dos ámbitos prioritarios de actuación do plan, así como recompilar as primeiras propostas que lle darían contido. En concreto, nesta fase diagnóstica, a reunión do Grupo de traballo tiña os seguintes obxectivos:

- Coñecer a situación de Sarela: as opinións sobre a asociación e, a xeito de balance en clave diagnóstica, sobre a situación na que actualmente se atopa.
- A identificación de ámbitos prioritarios de actuación.
- A obtención das primeiras propostas de posibles contidos (accións) que o Plan Estratégico incluíría.

O desenvolvemento da sesión achegou opinións e propostas de gran interese, que deron resposta aos obxectivos de coñecemento enunciados, pero, ademais, o formato da xuntanza orientouse á obtención de información que permitise a elaboración dunha análise DAFO.

Tendo en conta as dimensións que se poden abordar coa análise DAFO, as cuestións indagadas a través de preguntas indirectas foron as seguintes:

#### FORTALEZAS:

- Que consideras que SARELA realiza de maneira excepcional?
- Que aporta SARELA á sociedade?

#### DEBILIDADES:

- Na actualidade, cales son as necesidades e demandas prioritarias en Sarela?
- Cales son os motivos desas necesidades?
- Que actuacións deben levarse a cabo para corrixir esas demandas e necesidades?

#### OPORTUNIDADES:

- O contexto actual (socioeconómico e sociosanitario) é receptivo á actividade que realiza SARELA?
- E en concreto, a área de influencia de Sarela é un contexto receptivo para a súa actividade?
- Cales son as actividades ou servizos máis solicitados polas familias e persoas usuarias?
- Existe adecuación entre a oferta e a demanda das actividades e servizos de SARELA?

#### AMEAZAS:

- Cales son os obstáculos legais, normativos ou que teñen que ver coas AAPP aos que se enfronta SARELA?
- Existen outros obstáculos?

O desenvolvemento da reunión permitiu ás persoas integrantes do Grupo de traballo realizar unha valoración dos distintos aspectos sinalados e expresar as súas opinións.

Entre as **fortalezas** destacan:

- ⇒ O propio modelo de asociación: a súa filosofía de atención integral a todas as necesidades, o trato digno e a implicación.
- ⇒ O traballo da entidade polas persoas con DCA e as súas familias: a reivindicación dos seus dereitos e o traslado das demandas e necesidades das persoas e as familias aos distintos organismos competentes.
- ⇒ Sarela é unha organización que cobre os déficits sociosanitarios existentes, prestando servizos adaptados á realidade socioeconómica das familias. Destácase a súa capacidade para prestar apoio e axuda ás persoas usuarias e as súas familias, desde o plano do acompañamento psicolóxico e humano ata o profesional, a través da prestación dunha atención integral áxil en todas as fases.



- ⇒ As persoas integrantes subliñaron tamén a enorme implicación persoal e profesional do seu equipo de profesionais, ademais da súa cualificación.
- ⇒ Tamén se destaca, pese ás debilidades sinaladas, o papel que xogan as familias e que a Xunta directiva coa que contan é funcional e non entorpece as iniciativas e os programas técnicos que se impulsan desde o centro.

Como **debilidades** de organización, refírense, entre outras:

- ⇒ A necesidade de incrementar a proxección social da asociación, dar a coñecer a súa natureza como entidade sen ánimo de lucro e os servizos que presta.
- ⇒ Tamén se menciona a necesidade de mellorar a capacidade reivindicativa da asociación e de expandirse máis alá de Compostela, dentro da área sanitaria de Santiago e Barbanza.
- ⇒ Alúdese, doutra banda, á falta de espazos para desenvolver actividades nalgún servizo, como o MAPIS, debido á alta demanda.
- ⇒ No polo oposto ao mencionado como fortaleza, considérase de xeito maioritario que debería haber unha maior implicación das familias na vida da asociación.
- ⇒ En canto á Xunta directiva, coméntase a necesidade de formación das persoas que a integran para un óptimo desenvolvemento dos seus cometidos: formación en habilidades directivas, de liderado e comunicación. Neste sentido, tamén se menciona a falta dun argumentario común: discursos compartidos e consensuados que propicien unha comunicación homoxénea.

En perspectiva externa, como principais **ameazas** sinálanse as seguintes:

- ⇒ Alúdese a un insuficiente compromiso das administracións públicas; á escasa e deficiente derivación desde os distintos ámbitos,.
- ⇒ No terreo da imaxe e a proxección da entidade, son conscientes de que a asociación pode percibirse como unha organización pechada e circunscrita á atención no seu centro de día, pois existen moitos prexuízos e descoñecemento en torno ao funcionamento das entidades do terceiro sector (por exemplo, descoñecemento de como se financian ou das actividades que desenvolven).
- ⇒ Destácase a falta dun modelo de financiamento estable a longo prazo, o que orixina inseguridade na capacidade económica e esixe a negociación permanente coas administracións.

- ⇒ Considérase, ademais, que a distribución de prazas públicas e a asignación dos recursos en xeral ao dano cerebral debería facerse con criterios obxectivos, de incidencia epidemiolóxica, que, ata o momento, as administracións públicas non aplican.
- ⇒ Ademais, outras problemáticas do ámbito da dependencia son unha ameaza para o desenvolvemento do traballo de Sarela: a demora no recoñecemento da discapacidade e a dependencia. Tamén se menciona a incorrecta valoración do dano cerebral adquirido (especialmente da parte das secuelas cognitivas).
- ⇒ Todo isto, nun contexto socioeconómico como o actual que se considera moi voluble.
- ⇒ A competencia das entidades privadas. Estas promocionan os recursos tecnolóxicos máis innovadores como un reclamo e unha vantaxe para unha mellor atención e rehabilitación, cando non ten por que ser así exactamente.
- ⇒ As dificultades asociadas ao transporte ata a entidade é outro factor externo negativo: non hai empresas dispoñibles ou dispostas a facer as rutas. Son, ademais, en moitos casos, conexións longas para as persoas usuarias.

Como **oportunidades**, as persoas integrantes do Grupo de traballo destacaron que:

- ⇒ O contexto sociosanitario é favorable ao desenvolvemento dos recursos desde as organizacións do terceiro sector, especialmente daqueles que apostan pola vida independente das persoas.
- ⇒ Hai, ademais, unha crecente demanda deste tipo de servizos.
- ⇒ Estes factores son unha oportunidade para Sarela en varios sentidos:
  - Por un lado, para romper o teito da credibilidade e visibilizar a súa capacidade como entidade profesional.
  - Para estenderse á área de influencia, aproveitando, por exemplo, os puntos de información para chegar ao rural.
  - Para contribuír á visibilización do dano cerebral adquirido e dar protagonismo ás persoas usuarias como cara visible da asociación.
  - Aumentar a súa actividade e, en consecuencia, o número de persoas atendidas.

## 4.2 MATRIZ DAFO

A seguir, exponse a matriz DAFO na que se condensan as valoracións recollidas que se veñen de expoñer.

CADRO 2. MATRIZ DAFO DE DIAGNÓSTICO SOBRE A ACTUAL SITUACIÓN E O CONTEXTO DE SARELA

FACTORES POSITIVOS	FACTORES DE ORIXE INTERNA	FACTORES DE ORIXE EXTERNA
	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
	<p>Relacionadas coa proxección e o traballo de incidencia da asociación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Visibilización do dano cerebral adquirido.</li> <li>- Reivindicación dos dereitos das familias e das persoas con DCA.</li> <li>- Proxección do “Modelo Sarela”: filosofía de atención, trato e implicación.</li> <li>- Transparencia, crédito.</li> <li>- Cobertura de déficits sociosanitarios.</li> <li>- Prestación de servizos adaptados á realidade socioeconómica das familias.</li> <li>- Profesionalización de servizos no marco dunha organización/funcionamento sen ánimo de lucro.</li> </ul> <p>Relacionadas co modelo de atención de Sarela:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Capacidade para prestar apoio e axuda tanto ás persoas usuarias como ás súas familias:               <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Contención persoal e familiar.</li> <li>▪ Capacidade para transmitir esperanza.</li> <li>▪ Atención psicolóxica.</li> <li>▪ Acompañamento ás persoas e ás familias en todas as etapas.</li> <li>▪ Atención integral en todas as fases.</li> <li>▪ Atención rápida e áxil.</li> </ul> </li> </ul> <p>Relacionadas co seu equipo de profesionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Persoal cualificado e consolidado.</li> <li>- Gran implicación persoal e profesional/compromiso.</li> <li>- Capacidade humana e sensibilidade do equipo.</li> </ul>	<p>Relacionadas coa proxección e o traballo da asociación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Romper o teito da credibilidade: facer ver a Sarela como unha entidade profesional.</li> <li>- Estender/ampliar a área de influencia.</li> <li>- Aumentar o número de persoas atendidas.</li> <li>- Etapa para dar maior protagonismo ás persoas usuarias como cara visible da asociación e contribuír á súa visibilización.</li> <li>- Mellorar a información desde os puntos de información existentes.</li> </ul> <p>Outros factores:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto sociosanitario favorable aos recursos do terceiro sector, como Sarela; recursos que apostan pola vida independente.</li> <li>- Crecente demanda deste tipo de servizos.</li> </ul>

FACTORES NEGATIVOS

FACTORES DE ORIXE INTERNA		FACTORES DE ORIXE EXTERNA	
DEBILIDADES		AMEAZAS	
<p>Relacionadas coa proxección e o coñecemento da asociación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descoñecemento da existencia da entidade e/ou os seus servizos por parte da poboación.</li> <li>- Os puntos de información non achegan resultados especialmente positivos en termos de consulta, demandas etc.</li> <li>- Necesidade de mellorar a capacidade reivindicativa de Sarela.</li> <li>- Falta de visibilización por parte de Sarela do seu traballo.</li> </ul> <p>Relacionadas coas persoas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouca implicación das persoas socias na vida asociativa</li> <li>- A Xunta directiva non presenta atractivo para a participación das familias. (Por ex. necesidade de cambiar o formato de asemblea).</li> <li>- Falta de formación específica dos cargos da Xunta directiva.</li> <li>- Falta dunha comunicación homoxénea (discursos e argumentarios consensuados e compartidos).</li> </ul>		<p>Relacionadas coa proxección e o coñecemento da asociación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escasa derivación desde outros ámbitos, nomeadamente, desde o sistema sanitario público.</li> <li>- Credibilidade/imaxe: Sarela pode percibirse en ocasións como unha organización pechada.</li> <li>- Prexuízos existentes cara ás organizacións do terceiro sector.</li> <li>- Descoñecemento e prexuízos sobre os servizos gratuítos.</li> <li>- Falta de información sobre o DCA.</li> </ul> <p>Relacionadas co funcionamento das administracións públicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Baixo compromiso da administración.</li> <li>- Desinterese por parte de algúns servizos sociais municipais.</li> <li>- Demora no recoñecemento da discapacidade e da situación de dependencia. Valoración incorrecta do DCA (especialmente da parte das secuelas cognitivas).</li> <li>- Falta de recursos públicos (prazas, falta de rehabilitación integral, lista de espera, falta de profesionais - psicoloxía, logopedia, terapia ocupacional, neuropsicoloxía-, atención temperá, ambulancias, falta de continuidade asistencial etc.).</li> </ul>	

FACTORES NEGATIVOS

FACTORES DE ORIXE INTERNA		FACTORES DE ORIXE EXTERNA	
DEBILIDADES		AMEAZAS	
<p>Relacionadas coa sustentabilidade económica:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Inseguridade na capacidade económica (entre outros factores, derivada da negociación permanente coas administracións).</li> <li>- Risco financeiro asociado á construción do novo centro.</li> </ul>		<p>Relacionadas coa sustentabilidade económica:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mecanismos de financiamento ríxidos que non permiten que todas as persoas poidan acceder aos recursos.</li> <li>- Falta dun modelo de financiamento estable e a longo prazo. A asignación do IRPF é imprevisible.</li> <li>- Ausencia dunha estratexia coherente e obxectiva para a adxudicación de prazas, prezos do financiamento etc. (non se ten en conta a prevalencia, incidencia, etc.).</li> <li>- Desaparición progresiva de fontes de financiamento de empresas e fundacións (RSC).</li> </ul> <p>Outros factores:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto socioeconómico moi voluble na actualidade.</li> <li>- Competencia cos servizos privados e outras entidades de atención ao DCA.</li> <li>- Recursos tecnolóxicos: o máis innovador para rehabilitación é moi caro. As entidades privadas “venden” a utilización de máquinas como vantaxe.</li> <li>- Rutas de transporte (non hai empresas que fagan este traballo): longas, pouca conexión, aumento de prezo.</li> </ul>	

---

## 5. FINALIDADE E VIXENCIA DO PLAN

---

### 5.1 FINALIDADE

O presente Plan estratéxico ten por finalidade consolidar a asociación Sarela como referente principal na defensa dos dereitos e na atención integral ás persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, reforzar a súa proxección social e mellorar e ampliar os servizos, optimizando os recursos.

### 5.2 VIXENCIA

O III Plan Estratéxico de Sarela terá unha vixencia de dous anos, estando previsto o seu desenvolvemento ao longo do período 2023-2024.

Se ao termo da súa vixencia non se diseña e aproba un novo plan, entenderase prorrogado o contido do actual, coas modificacións que se consideren oportunas froito do seu seguimento e avaliación.

---

## 6. ESTRUCTURA DO PLAN

---

Para o deseño do III Plan Estratéxico de Sarela 2023-2024 partiuse da seguinte estrutura, conformada por tres elementos básicos, cuxo esquema e definición se detallan a continuación.



Ilustración 1: esquema dos elementos estruturais do plan.

- As **áreas estratéxicas** representan os ámbitos prioritarios de actuación da entidade para os vindeiros anos. Asociado a cada unha das áreas, o **obxectivo estratéxico** define a meta ou obxectivo xeral pretendido e, polo tanto, coincide coa estratexia de acción global e estrutural que se busca impulsar.
- Os **obxectivos operativos** constitúen as metas concretas que permitirán a consecución do obxectivo estratéxico de cada unha das áreas.
- No último nivel sitúanse **as accións** para acadar o desenvolvemento dos respectivos obxectivos operativos.

Conforman o plan as seguintes catro **áreas estratéxicas**:




Ilustración 2: áreas estratéxicas do III Plan Estratéxico de Sarela.

O seguinte cadro condensa as áreas estratéxicas cos seus respectivos obxectivos estratéxicos e operativos:

C.1 ÁREAS ESTRATÉXICAS, OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OBXECTIVOS OPERATIVOS DO III PLAN ESTRATÉXICO DA ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA SARELA 2023-2024

ÁREAS E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXECTIVOS OPERATIVOS
<p><b>ÁREA ESTRATÉXICA 1. PROXECCIÓN SOCIAL E COMUNICACIÓN</b></p> <p>OBXECTIVO ESTRATÉXICO: Ampliar a proxección social de Sarela e reforzar o seu papel como referente principal na atención e na defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.</p>	<p>Obxectivo operativo 1.1 Reforzar a incidencia política de Sarela para dar adecuada resposta ás necesidades e ás demandas prioritarias.</p> <p>Obxectivo operativo 1.2 Ampliar o coñecemento do dano cerebral adquirido e avanzar na mellora da prevención e a sensibilización na súa área de influencia.</p> <p>Obxectivo operativo 1.3 Afianzar a imaxe e a proxección social da entidade.</p>
<p><b>ÁREA ESTRATÉXICA 2. SERVIZOS E PROGRAMAS DE CALIDADE PARA AS PERSOAS E AS FAMILIAS</b></p> <p>OBXECTIVO ESTRATÉXICO: Garantir a atención integral ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias en todas as fases.</p>	<p>Obxectivo operativo 2.1 Ofrecer programas e servizos de calidade ás persoas usuarias e ás súas familias.</p> <p>Obxectivo operativo 2.2 Optimizar a organización dos recursos para facilitar a adaptabilidade permanente ao cambio.</p>
<p><b>ÁREA ESTRATÉXICA 3. CONSOLIDACIÓN DA ORGANIZACIÓN</b></p> <p>OBXECTIVO ESTRATÉXICO: Continuar favorecendo o crecemento da entidade a través do fomento da vida asociativa e a mellora dos procesos de organización.</p>	<p>Obxectivo operativo 3.1 Potenciar a participación asociativa e ampliar a base social de Sarela.</p> <p>Obxectivo operativo 3.2 Mellorar os procesos organizativos e de xestión.</p>
<p><b>ÁREA ESTRATÉXICA 4. SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA</b></p> <p>OBXECTIVO ESTRATÉXICO: Garantir a sustentabilidade económica de Sarela con novos recursos e fórmulas de financiamento.</p>	<p>Obxectivo operativo 4.1. Diversificar as fontes de financiamento.</p> <p>Obxectivo operativo 4.2 Optimizar os recursos económicos, humanos e materiais da entidade.</p>



O seguinte cadro resume a estrutura do plan: intégrano un total de catro áreas estratéxicas, 9 obxectivos operativos e 49 accións:

C.2 ESTRUCTURA DO PLAN: CÓMPUTO DE OBXECTIVOS E ACCIÓNS

ÁREAS ESTRATÉXICAS	Nº DE OBXECTIVOS OPERATIVOS	Nº DE ACCIÓNS
ÁREA ESTRATÉXICA 1. PROXECCIÓN SOCIAL E COMUNICACIÓN	3	15
ÁREA ESTRATÉXICA 2. SERVIZOS E PROGRAMAS DE CALIDADE PARA AS PERSOAS E AS FAMILIAS	2	11
ÁREA ESTRATÉXICA 3. CONSOLIDACIÓN DA ORGANIZACIÓN	2	13
ÁREA ESTRATÉXICA 4. SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA	2	10
<b>TOTAL ÁREAS ESTRATÉXICAS</b>		<b>4</b>
<b>TOTAL OBXECTIVOS OPERATIVOS</b>		<b>9</b>
<b>TOTAL ACCIÓNS</b>		<b>49</b>

A seguir expónse o programa de accións do III Plan Estratégico de Sarela, estruturado en catro epígrafes, correspondentes a cada unha das áreas estratéxicas. Tras un texto introdutorio, xustificativo das accións deseñadas, a información preséntase en táboas nas que, para cada unha das accións engádense os seguintes elementos:

- O/s axente/s responsable/s: a especificación da responsabilidade da execución, xa sexa a Dirección da entidade, a Xunta Directiva da asociación, ambas etc.
- Os indicadores de medición: aqueles destinados ao seguimento e verificación da implantación ou desenvolvemento de actuacións para o cumprimento da acción.
- A calendarización: a previsión temporal da súa execución no período de vixencia do plan, por semestre, ano, ou como acción de continuidade ao longo de todo o período de vixencia.

---

## 7. PROGRAMA DE ACCIÓNS

---

### ÁREA ESTRATÉXICA 1. PROXECCIÓN SOCIAL E COMUNICACIÓN

Desde Sarela vaise seguir traballando para ampliar a proxección social da asociación e fortalecer o seu papel como recurso de referencia na atención ao dano cerebral na súa área sanitaria de referencia.

Así, no marco desta primeira área estratéxica, vanse reforzar as accións de incidencia política cun enfoque orientado á demanda da mellora do coñecemento da entidade e os seus servizos na contorna de referencia.

Moitas persoas e familias que se ven afectadas de dano cerebral adquirido carecen de información suficiente e adecuada, sobre todo nas primeiras etapas, sobre as prestacións ás que teñen dereito e sobre os recursos necesarios e dos que poden dispoñer nas distintas fases. E, neste contexto de descoñecemento, é onde é necesario reforzar a información e difundir a actividade que realiza Sarela no contexto da área sanitaria de Santiago e Barbanza.

Para iso, é necesario reforzar o traballo de incidencia; aumentar os contactos e as accións de influencia para acadar un maior compromiso por parte dos organismos autonómicos competentes nos distintos ámbitos e dos servizos municipais na mellora da información sobre Sarela e os servizos de atención integral que presta.

O ámbito sanitario é, evidentemente, crucial, pero tampouco pode esquecerse a tan necesaria plena inclusión, polo que debe mellorarse a información sobre os servizos relacionados coa mellora da autonomía persoal e a inclusión sociolaboral das persoas con DCA.

Cómpre subliñar que en todo este labor de defensa activa e reivindicación dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias, Sarela vén colaborando e apoiando as súas accións en entidades de ámbito superior das que forma parte, como a Fegadace, a Fedace e o CERMI, cooperación e coordinación que terá continuidade nos vindeiros anos. Especialmente significativo é o traballo conxunto coa Fegadace, coa que a través da mutua colaboración quérese aumentar o impacto destas accións de incidencia.

Como segundo obxectivo operativo, Sarela seguirá impulsando o coñecemento do dano cerebral adquirido, a prevención e a sensibilización. Para iso, continuará a colaboración e a coparticipación coas entidades de ámbito autonómico -Fegadace e CERMI Galicia- no deseño e execución de accións informativas para previr e sensibilizar en torno ás causas do dano cerebral adquirido e as súas consecuencias na saúde e na vida das persoas. Así mesmo seguirá a colaborar e coorganizar eventos e iniciativas de distinta índole que contribúan ao coñecemento e a visibilización desta realidade.

E como terceiro obxectivo, vaise traballar para afianzar a imaxe e a proxección social de Sarela.

Dunha banda, na dimensión dixital, ampliarase a presenza da asociación en redes e plataformas e actualizarase a súa imaxe cos cambios que proceda na súa web corporativa.

Tamén está previsto incrementar a distribución de materiais informativos diversos sobre Sarela e programar diferentes actuacións para dar a coñecer e visibilizar a actividade do seu centro.

Ademais, para incrementar a proxección social de Sarela é necesario que todas as persoas que a representan transmitan un discurso coherente, sólido e homoxéneo, de aí a importancia de elaborar argumentarios comúns de forma coordinada e en colaboración co movemento asociativo autonómico e estatal.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO:

Ampliar a proxección social de Sarela e reforzar o seu papel como referente principal na atención e na defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Obxectivo operativo 1.1 Reforzar a incidencia política de Sarela para dar adecuada resposta ás necesidades e ás demandas prioritarias

ACCIÓNS

**ACCIÓN 1.1.1** Reforzo das actuacións de incidencia co organismo competente en materia de sanidade para sistematizar e protocolizar a información sobre Sarela e os seus servizos en todos os centros sanitarios da área sanitaria.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva, Dirección de Sarela e Dirección da Fegadace

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° de reunións celebradas
- N° de contactos realizados
- Acordos establecidos
- N° e tipo de accións de mellora da información impulsadas pola C. de Sanidade
- % incremento de persoas que acceden á entidade a través de servizos sanitarios

CALENDARIZACIÓN <sup>2</sup>	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
------------------------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 1.1.2** Incremento dos contactos coas entidades de referencia no ámbito do emprego para dar a coñecer a asociación e o seu servizo de orientación laboral.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva, Dirección de Sarela e Dirección da Fegadace

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° de contactos realizados
- N° de reunións celebradas
- Acordos establecidos
- N° e tipo de accións de mellora da información impulsadas polos organismos de emprego
- % incremento de persoas que acceden ao servizo de orientación laboral a través do servizo público de emprego

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

<sup>2</sup> Calendarización semestral das accións para cada anualidade.

**ACCIÓN 1.1.3** Fortalecemento dos contactos e das actuacións de influencia nos concellos da área sanitaria para a mellora da información sobre Sarela e os seus servizos desde os Servizos sociais e de Emprego municipais.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva, Dirección de Sarela e Dirección da Fegadace

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° de contactos realizados
- N° de reunións celebradas
- Acordos establecidos
- N° e tipo de accións de mellora da información impulsadas polos organismos de emprego e servizos sociais
- % incremento de persoas que acceden á entidade a través de servizos municipais

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 1.1.4** Continuidade da participación nas actividades de promoción da implantación do proceso asistencial integrado do dano cerebral (PAI) e do Código diagnóstico DCA.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva, Dirección de Sarela e Dirección da Fegadace

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° de reunións celebradas
- N° de contactos realizados
- N° e tipo de accións de difusión
- Acordos establecidos
- PAI elaborado
- Código diagnóstico implantado

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 1.1.5** Incremento das actuacións relacionadas coa demanda da mellora do transporte (garantía de servizo de transporte adaptado, melloras na accesibilidade do transporte colectivo, bonificacións, gratuidade etc.)

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° de contactos realizados
- N° de reunións celebradas
- N° e tipo de demandas trasladadas
- Organismos implicados

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

Obxectivo operativo 1.2 Ampliar o coñecemento do dano cerebral adquirido e avanzar na mellora da prevención e a sensibilización na súa área de influencia

## ACCIÓNS

**ACCIÓN 1.2.1** Incremento da realización de propostas de acción en materia de prevención e de sensibilización social sobre o dano cerebral adquirido ás entidades de ámbito autonómico (Fegadace e CERMI) e coparticipación no seu desenvolvemento.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° e tipo de propostas trasladadas
- N° de reunións celebradas
- Organismos implicados
- N° e tipo de accións de colaboración desenvolvidas

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 1.2.2** Reforzo dos contactos co movemento asociativo e veciñal dos concellos da área sanitaria para a organización de accións de sensibilización e información sobre o dano cerebral adquirido, desde un enfoque preventivo.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° de contactos realizados
- N° de reunións celebradas
- Asociacións implicadas
- N° e tipo de accións desenvolvidas
- N° de persoas participantes nas accións

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 1.2.3** Continuidade da participación, colaboración e coorganización en eventos deportivos e outras iniciativas cívicas e sociais que se promovan, por parte de calquera axente social da área de actuación e do movemento asociativo de dano cerebral galego.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° e tipo de accións realizadas
- Entidades organizadoras

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

Obxectivo operativo 1.3 Afianzar a imaxe e a proxección social da entidade

### ACCIÓN

**ACCIÓN 1.3.1** Ampliación da presenza virtual da asociación en redes sociais e plataformas de interese.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° e tipo de accións realizadas
- RRSS con presenza de Sarela
- Novas redes e plataformas con presenza de Sarela
- % de incremento da presenza en redes respecto ao ano anterior

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 1.3.2** Incremento da distribución de materiais informativos de distinta índole sobre a asociación Sarela (trípticos, guías, cartelería).

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° e tipo de materiais informativos elaborados
- N° e tipo de materiais informativos editados
- % de incremento respecto ao ano anterior

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 1.3.3** Elaboración de argumentarios comúns para os cargos directivos e de representación da asociación de forma coordinada e en colaboración co movemento asociativo autonómico e estatal.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° e tipo de propostas argumentarias recollidas segundo o ámbito de interese
- N° de persoas participantes na elaboración por cargo
- Entidades participantes/coordinadas
- Argumentarios aprobados

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 1.3.4** Elaboración dunha programación anual de actuacións para a visibilización da actividade de Sarela (organización de xornadas de portas abertas; colaboración con outras entidades para a realización de eventos etc.).

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Programación deseñada
- N° e tipo de actividades propostas
- N° e tipo de actividades desenvolvidas
- Entidades participantes/colaboradoras
- Colectivos destinatarios
- N° de persoas asistentes
- N° de medios nos que se difunden as actuacións

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 1.3.5** Revisión e, no seu caso, actualización da imaxe, da interface e da estruturación de contidos da páxina web corporativa.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Revisión realizada
- N° e tipo de cambios aplicados na web corporativa
- Contidos incrementados
- N° de visualizacións/descargas
- % de incremento no n° de visualizacións/descargas

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------



<b>ACCIÓN 1.3.6</b>	<b>Deseño dunha programación de actuacións para a celebración do 25 aniversario de Sarela.</b>			
AXENTES RESPONSABLES				
Xunta Directiva e Dirección				
INDICADORES DE SEGUIMENTO				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Programación deseñada</li> <li>• N° e tipo de actuacións programadas</li> <li>• N° e tipo de actuacións realizadas</li> <li>• N° de colectivos/persoas participantes</li> <li>• Entidades colaboradoras</li> </ul>				
CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024

<b>ACCIÓN 1.3.7</b>	<b>Actualización anual do Plan de comunicación da entidade.</b>			
AXENTES RESPONSABLES				
Dirección				
INDICADORES DE SEGUIMENTO				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actualizacións efectuadas</li> <li>• N° e tipo de actuacións efectuadas</li> <li>• N° de novas actuacións efectuadas</li> <li>• N° de novos colectivos destinatarios</li> </ul>				
CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024

## ÁREA ESTRATÉXICA 2. SERVIZOS E PROGRAMAS DE CALIDADE PARA AS PERSOAS E AS FAMILIAS

Co obxectivo estratéxico de garantir a atención integral ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias en todas as fases, este III Plan Estratéxico de Sarela non pode deixar de aspirar a seguir crescendo e mellorando na esfera da prestación de servizos.

Precisamente, o primeiro obxectivo operativo é ofrecer programas e servizos de calidade ás persoas usuarias e ás súas familias. Prevese para iso un compendio de accións relacionadas coa mellora e ampliación dos distintos servizos que presta a asociación e orientadas a satisfacer a actual demanda, entre outra: aumentar o número de prazas concertadas no centro de día e ampliar o Servizo de mellora e mantemento da autonomía persoal e inclusión social (MAPIS).

E como posible recurso novidoso, estudarase a viabilidade de implantar un servizo de atención itinerante en zonas rurais a partir dos resultados do Proxecto Rumbo, un proxecto piloto que impulsa en Galicia a Fegadace con outras entidades do ámbito da discapacidade, dirixido á implantación de novos modelos de apoio e coidados que favorezan a vida independente.

Asociado á consecución deste primeiro obxectivo operativo, o segundo obxectivo centrarase en accións destinadas a optimizar a organización dos recursos para facilitar a adecuación ao cambio e ao xurdimento de novas necesidades das persoas usuarias. Para este propósito é fundamental analizar a información en torno a adecuación á demanda dos distintos recursos dispoñibles.

Así, analizaranse periodicamente os perfís profesionais dos servizos para adaptalos ás necesidades de atención que van xurdindo e ao seu funcionamento, así como tamén os espazos e os seus usos, o que facilitará, de ser necesario, a reorganización de actividades e servizos da entidade.

Tamén está previsto estudar a información sobre os puntos informativos actualmente existentes en distintos concellos, para acometer unha reorganización, se procede. Valoraranse tamén as necesidades das familias relacionadas co transporte aos servizos, de cara á elaboración dun plan de mellora.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO:

Garantir a atención integral ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias en todas as fases

Obxectivo operativo 2.1 Ofrecer programas e servizos de calidade ás persoas usuarias e ás súas familias

ACCIÓNS

**ACCIÓN 2.1.1** Aumento do número de prazas públicas concertadas no centro de día - Servizo de Atención Diúrna Terapéutica (SADT).

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de actuacións impulsadas
- N° de prazas públicas concertadas incrementadas
- % incremento de persoas usuarias na modalidade pública

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 2.1.2** Ampliación da oferta de prazas do Servizo de mellora e mantemento da autonomía persoal e inclusión social (MAPIS).

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de actuacións impulsadas
- N° de prazas incrementadas
- N° de persoas usuarias por sexo

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 2.1.3** Reforzo dos servizos de atención ás familias cuidadoras de persoas con gran dependencia que non poden asistir aos servizos sociosanitarios da entidade.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de actuacións impulsadas
- N° de persoas atendidas
- % de persoas atendidas respecto ao ano anterior

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 2.1.4** Valoración da viabilidade da implantación dun servizo itinerante en zonas rurais a partir dos resultados do proxecto piloto Rumbo, desenvolvido pola Fegadace.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° de persoas usuarias na área sanitaria de referencia de Sarela
- Concellos participantes na área sanitaria de referencia de Sarela
- Avaliación do proxecto piloto

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 2.1.5** Continuidade da programación de actividades de respiro familiar tendo en conta as preferencias das familias, á vez que se garante a atención da persoa con DCA durante o respiro.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° total de familias beneficiarias
- N° e tipo de actividades realizadas
- N° de persoas participantes por sexo segundo a actividade

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

ACCIÓN 2.1.6 Valoración dos horarios da actividade de terapia acuática co fin de adaptalos ás preferencias das persoas usuarias.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Análise da demanda/preferencias das persoas usuarias
- Estudo de capacidade/dispoñibilidade segundo os horarios
- Tipo de cambios aplicados
- Ampliación horaria efectuada

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

Obxectivo operativo 2.2 Optimizar a organización dos recursos para facilitar a adaptabilidade permanente ao cambio

## ACCIÓNS

ACCIÓN 2.2.1 Análise periódica dos perfís profesionais do cadro de persoal da organización para adaptalos ás necesidades de funcionamento dos distintos servizos e a novas necesidades de atención das persoas e das familias atendidas.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Análise efectuada e periodicidade
- Perfís profesionais actuais
- Perfís profesionais demandados/necesarios
- Nº de novas incorporacións por posto de traballo/perfil profesional

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

ACCIÓN 2.2.2 Adquisición de novos recursos tecnolóxicos innovadores para a atención das persoas e das familias.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Nº e tipo de recursos tecnolóxicos adquiridos

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 2.2.3** Desenvolvemento dun plan de mellora do servizo de transporte ao centro de día a partir da análise das necesidades identificadas (rutas demandadas e con dificultades de servizo, traxectos de excesiva duración, problemas das familias para o seu financiamento etc.).

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- Análise de necesidades efectuada
- N° de familias afectadas (sen servizo, con dificultades manifestas para o pagamento etc.)
- N° e tipo de actuacións impulsadas
- Melloras no servizo de transporte implantadas

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 2.2.4** Análise continua dos espazos e dos usos do centro e, no seu caso, reorganización das actividades e dos servizos para adaptalos á demanda.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- Análise efectuada
- N° e tipo de servizos e espazos con desaxustes
- N° e tipo de modificacións aplicadas (reorganización de actividades, cambios en espazos etc.)

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

ACCIÓN 2.2.5	Análise da demanda e do impacto xerado a partir dos puntos informativos que Sarela ten nos concellos e revisión, se procede, da organización dos servizos (emprazamento, días de presenza etc.).			
AXENTES RESPONSABLES				
Dirección				
INDICADORES DE SEGUIMIENTO				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise da demanda de cada punto informativo, entre outros indicadores: nº de atencións realizadas; nº de intervencións solicitadas nos concellos con puntos informativos</li> <li>• Análise do impacto en cada punto informativo, entre outros indicadores: % incremento de persoas socias nos concellos con puntos informativos; nº de persoas atendidas nalgún servizo da entidade derivadas desde os puntos informativos</li> <li>• Puntos informativos reorganizados</li> <li>• Nº e tipo de modificacións aplicadas (reorganización horaria, días de presenza, emprazamento etc.)</li> </ul>				
CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024

### ÁREA ESTRATÉXICA 3. CONSOLIDACIÓN DA ORGANIZACIÓN

Consolidar a Sarela como organización e como referente principal do dano cerebral en Santiago e o resto de concellos da súa área sanitaria, require de diversas accións orientadas ao crecemento da entidade, á mellora de aspectos organizativos e de xestión e, por suposto, ao fortalecemento da vida asociativa e á ampliación da súa base social como garantía de continuidade.

Precisamente, para potenciar a participación na asociación, ademais de seguir organizando actividades de encontro coas familias, está previsto desenvolver varias accións dirixidas a facilitar e fomentar a dita participación e a coñecer os intereses e demandas das persoas socias: desde a revisión do formato das asembleas e das reunións da Xunta Directiva para facelas máis operativas e participativas, ata a mellora de mecanismos que faciliten a canalización das demandas e a análise das necesidades e intereses das persoas e as familias usuarias.

Como iniciativa máis novidosa neste ámbito, cómpre destacar o impulso de reunións de grupo con persoas socias con dano cerebral adquirido para mellorar a comunicación das súas demandas e necesidades, e como paso previo á conformación dun grupo de primeira persoa que poida participar de forma directa en espazos de representación da entidade para reivindicar os seus dereitos.

Consolidar a estrutura da entidade pasa tamén pola introdución de melloras nos procesos organizativos e de xestión.

É necesario que as persoas que integran a Xunta Directiva contén coas competencias necesarias para desenvolver axeitadamente as funcións de representación e xestión, polo que se promoverá a súa capacitación a través das accións formativas de mellora de habilidades directivas, de comunicación e de liderado, organizadas no marco dos plans de formación de entidades de ámbito superior ás que pertence Sarela.

Tamén é necesario favorecer o desenvolvemento profesional mediante a formación do persoal técnico da entidade nos distintos campos, entre outros, no manexo das novas tecnoloxías que se vaian implantando na entidade.



OBXECTIVO ESTRATÉXICO:

Continuar favorecendo o crecemento da entidade a través do fomento da vida asociativa e a mellora dos procesos de organización

Obxectivo operativo 3.1 Potenciar a participación asociativa e ampliar a base social de Sarela

ACCIÓNS

**ACCIÓN 3.1.1** Continuidade da organización de actividades de encontro coas familias para dinamizar a asociación e garantir o relevo periódico na Xunta Directiva.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de actividades realizadas
- N° de persoas participantes
- N° de persoas candidatas a formar parte da Xunta Directiva por sexo

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 3.1.2** Posta en marcha de reunións de grupo con persoas socias con DCA para mellorar o coñecemento e a comunicación das súas demandas e necesidades.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de actuacións impulsadas
- N° de reunións de grupo realizadas
- N° de persoas interesadas en formar parte dun grupo de primeira persoa por sexo

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 3.1.3** Conformación dun grupo de primeira persoa para a participación directa en espazos de representación da entidade e a reivindicación do seus dereitos.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° e tipo de actuacións impulsadas
- N° de reunións de grupo realizadas
- Grupo conformado
- N° de persoas integrantes por sexo
- N° de procesos con participación do grupo de 1ª persoa (espazos, foros, asistencia a reunións de incidencia política etc.)

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 3.1.4** Elaboración de documentos informativos que faciliten e guíen o labor do grupo de primeira persoa.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° e tipo de documentos elaborados
- N° e tipo de accións formativas/de titorización realizadas
- N° de persoas participantes nas accións

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 3.1.5** Revisión do formato das asembleas de persoas socias e das reunións da Xunta Directiva para facilitar a dinámica das sesións e a participación.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- N° e tipo de actuacións impulsadas
- Modificacións introducidas no formato das asembleas de persoas socias
- Modificacións introducidas no formato das reunións da Xunta Directiva
- Incremento cualitativo da participación

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 3.1.6** Recollida e análise de información sobre as necesidades e intereses das persoas e as familias usuarias a través das enquisas que se realizan periodicamente.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Inclusión de preguntas sobre necesidades e intereses nas enquisas
- Análise da información
- Redacción de documento de análise

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024

**ACCIÓN 3.1.7** Implantación de sistemas para que as familias e as persoas con DCA trasladen as súas demandas en centros da rede SERGAS e puntos informativos.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Nº e tipo de accións impulsadas
- Nº de mecanismos implantados para a recollida de información
- Análise das demandas

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024

**ACCIÓN 3.1.8** Incremento das actuacións de captación de novas persoas colaboradoras e de voluntariado no marco das distintas accións de colaboración de Sarela.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Nº e tipo de accións de captación realizadas
- Nº de novas persoas colaboradoras por sexo
- Nº de novas persoas voluntarias por sexo

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024

Obxectivo operativo 3.2 Mellorar os procesos organizativos e de xestión

## ACCIÓNS

**ACCIÓN 3.2.1** Capacitación das persoas integrantes da Xunta Directiva a través da súa participación nas accións formativas de mellora de habilidades directivas, comunicativas e de liderado organizadas no marco dos plans de formación da Fedace e da Fegadace.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de accións formativas dispoñibles
- N° de persoas participantes por sexo e cargo

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 3.2.2** Promoción de accións formativas dirixidas á mellora da cualificación das e dos diferentes profesionais da asociación.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de accións formativas ofrecidas
- N° de profesionais participantes por sexo e posto/perfil

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 3.2.3** Continuidade das accións de transformación dixital da entidade: implantación de ferramentas dixitais, renovación de equipos etc.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de ferramentas s dixitais implantadas
- N° e tipo de equipamentos tecnolóxicos adquiridos

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

ACCIÓN 3.2.4 Desenvolvemento de accións de formación dirixidas ao persoal de Sarela para o manexo das novas tecnoloxías implantadas.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de accións formativas realizadas
- N° de profesionais participantes por sexo e posto/perfil

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

ACCIÓN 3.2.5 Análise e valoración periódica dos resultados do rexistro que recolle a información sobre a fonte de derivación ou vía de coñecemento de Sarela.

AXENTES RESPONSABLES

Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- Análise do rexistro efectuada e periodicidade
- Resultados da análise

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

## ÁREA ESTRATÉXICA 4. SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

A cuarta e última área estratéxica do plan dedícase ao impulso de accións que aseguren a sustentabilidade da entidade a través de novos recursos económicos e fórmulas de financiamento.

Como se indica na análise diagnóstica realizada, unha das principais dificultades para a planificación orzamentaria que afecta a Sarela e a todas as organizacións do ámbito da discapacidade é a inexistencia dun modelo de financiamento estable por parte das administracións públicas.

Isto fai especialmente necesario diversificar as fontes de ingresos. Para iso, seguirase a traballar conxuntamente coa Fegadace nos procesos de demanda dun sistema de financiamento estable e a longo prazo. Así mesmo, activaranse unha serie de iniciativas que contribúan a neutralizar ese escenario de incerteza no terreo dos fondos públicos mediante o aumento da recadación de fondos privados.

Así, entre outras accións, emprenderase unha campaña de captación de novas empresas colaboradoras porase en marcha unha campaña de frundaising dixital e deseñarse un paquete de produtos de merchandising.

Ademais das accións relacionadas coa captación de fondos públicos e privados, traballarase tamén na dimensión interna da organización, a través dun segundo obxectivo operativo integrado por diversas accións dirixidas a unha óptima xestión dos recursos económicos, humanos e materiais da entidade. Entre outras, estudarase a viabilidade de incrementar as achegas tanto de persoas socias como de persoas e empresas colaboradoras e impulsarase un sistema de alugueiro das instalacións da asociación fóra do horario de uso polas persoas usuarias de Sarela.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO:

Garantir a sustentabilidade económica de Sarela con novos recursos e fórmulas de financiamento

Obxectivo operativo 4.1 Diversificar as fontes de financiamento

ACCIÓNS

**ACCIÓN 4.1.1** Colaboración activa da asociación nos procesos de incidencia da Fegadace dirixidos á implantación dun modelo de financiamento estable a longo prazo para as entidades sociais do ámbito da discapacidade.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva, Dirección de Sarela e Dirección da Fegadace

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° de reunións celebradas
- N° de contactos realizados
- N° de comunicacións
- N° de persoas participantes e entidade/institución
- Acordos establecidos
- N° e tipo de cambios introducidos no sistema de financiamento

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 4.1.2** Revisar e actualizar, no seu caso, o código de conducta de Sarela sobre a tipoloxía de empresas que se consideran aliñadas cos fins e a misión da asociación e como posibles fontes de financiamento.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- Revisión efectuada
- Cambios introducidos, no seu caso

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 4.1.3** Posta en marcha dunha campaña de captación de novas empresas colaboradoras.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de accións efectuadas (campañas, entrevistas, visitas, charlas en centros de traballo etc.)
- N° de empresas contactadas
- N° de novas empresas colaboradoras
- Recadación (importe)
- % incremento financeiro de orixe privada con respecto ao ano anterior

CALENDARIZACIÓN	1° S. 2023	2° S. 2023	1° S. 2024	2° S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 4.1.4** Deseño e posta en marcha dunha campaña de fundraising dixital (captación de fondos a través de mailing, en RRSS etc.).

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- Campaña realizada
- N° e tipo de canles utilizadas (mailing, redes sociais, captación telefónica etc.)
- N° de novas colaboracións
- Recadación (importe)
- % incremento financeiro de orixe privada con respecto ao ano anterior

CALENDARIZACIÓN	1° S. 2023	2° S. 2023	1° S. 2024	2° S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 4.1.5** Promoción de actividades para a recadación de fondos no ámbito deportivo, social, cultural etc. en colaboración con empresas e outras organizacións.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMENTO

- N° e tipo de actividades realizadas
- N° de entidades/institucións colaboradoras
- N° de empresas colaboradoras/patrocinadoras
- Recadación (importe)
- % incremento financeiro de orixe privada con respecto ao ano anterior

CALENDARIZACIÓN	1° S. 2023	2° S. 2023	1° S. 2024	2° S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------



ACCIÓN 4.1.6 Deseño dun paquete de produtos de merchandising e posta en marcha do sistema de venda (venda a través da web corporativa, en eventos sociais como festas, feiras etc.)

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Produtos deseñados
- Sistemas de venda impulsados
- Recadación por tipo de sistema de venda (importe)

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

Obxectivo operativo 4.2 Optimizar os recursos económicos, humanos e materiais da entidade

## ACCIÓN

ACCIÓN 4.2.1 Elaboración dun plan de financiamento.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Elaboración do plan
- % incremento anual de fondos propios

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 4.2.2** Definición e posta en marcha de actuacións que garantan os recursos económicos e humanos para asegurar o proxecto de construción do novo centro de atención de Sarela.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Fondos garantidos/reservados (importe)
- Préstamos concedidos (importe etc.)
- Subvencións concedidas (importe etc.)

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 4.2.3** Valoración e incremento, no seu caso, das achegas de persoas socias e de persoas e empresas colaboradoras.

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Valoración das cotas actuais
- Nº e tipo de accións impulsadas para o incremento das achegas
- Recadación (importe)
- % incremento financeiro de orixe privada con respecto ao ano anterior

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

**ACCIÓN 4.2.4** Deseño e posta en marcha dun sistema para o alugueiro de espazos da asociación (fóra dos horarios de uso de Sarela).

AXENTES RESPONSABLES

Xunta Directiva e Dirección

INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- Sistema impulsado
- Espazos alugados
- Nº de solicitudes
- Nº de entidades usuarias
- Recadación polo alugueiro (importe)

CALENDARIZACIÓN	1º S. 2023	2º S. 2023	1º S. 2024	2º S. 2024
-----------------	------------	------------	------------	------------

## 8. DIRECTRICES PARA O SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN

Como instrumento de planificación, o Plan Estratéxico de Sarela debe ser obxecto de seguimento e avaliación, o que vai permitir comprobar que se está a realizar, se se están acadando os obxectivos previstos e os seus resultados e impacto.

A fase de seguimento realizarase de maneira programada e facilitará información sobre posibles necesidades e/ou dificultades xurdidas na execución. Este coñecemento proporcionará ao plan a flexibilidade necesaria para o seu éxito. Os resultados do seguimento do desenvolvemento do plan formarán parte integral da avaliación.

Corresponde á Dirección de Sarela, como órgano responsable da dirección e a coordinación técnica, impulsar a execución e o seguimento do plan.

Complementariamente, creárase unha **Comisión para a implantación e o seguimento do Plan Estratéxico da Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela 2023-2024**. Esta Comisión terá as seguintes funcións: colaborar na execución e no seguimento das accións; velar polo cumprimento das directrices que se establezan e dar conta do seguimento e a avaliación do plan, así como do grao de consecución dos obxectivos previstos, con base nos informes anuais que se elaboren ao respecto.

A dita Comisión estará formada por:

- Dúas persoas da Xunta Directiva da asociación.
- Tres persoas do equipo técnico.

Durante o período de vixencia do plan levarase a cabo un **seguimento semestral** das accións planificadas a través dunha reunión convocada a ditos efectos, na que a Comisión analizará o desenvolvemento e o grao de execución das accións programadas.

**Con carácter anual elaborárase un informe** dos avances logrados, o cal deberá fornecer información sobre:

- O grao de execución das accións.
- Os resultados obtidos coa execución do plan.
- As conclusións e reflexións obtidas tras a análise dos datos de seguimento.
- A identificación de posibles accións futuras (e eventuais modificacións).

Para a elaboración do dito informe teranse en conta, cando menos, os indicadores propostos no presente plan para cada unha das accións, así como outros que se

consideren de interese para a medición dos resultados e o impacto das accións desenvolvidas.

Achéganse como anexo os modelos de ficha para o seguimento das actuacións e do nivel de execución das accións do plan (Anexo 2).

O informe de seguimento anual elaborárase a partir da información analizada e recollida a través destas fichas. Poderá complementarse con outra información que se considere de interese para unha mellor comprensión da natureza, contidos e resultados das actuacións executadas na anualidade de referencia (memorias, dossiers etc.).

A Dirección de Sarela presentará o informe de seguimento anual perante á súa Xunta Directiva.

Ao termo da vixencia do Plan Estratégico realizarase unha **avaliación final**. A avaliación permitirá coñecer o seu grao de execución, os resultados e o impacto que tivo sobre a entidade, as persoas usuarias e as familias, as persoas colaboradoras, a sociedade e outros grupos de interese e axentes implicados.

Recoméndase realizar unha avaliación de carácter externo, co fin de analizar toda a información obtida a través do proceso de seguimento, así como outros datos que verifiquen o nivel de consecución dos obxectivos previstos e o grao de satisfacción dos distintos axentes implicados na súa posta en marcha e, no seu caso, da poboación beneficiaria.

Esta avaliación plasmarase nun informe de resultados que analice o nivel de execución do plan -obxectivos conseguidos e deficiencias- e sinala os aspectos de mellora e as recomendacións que se poidan ter en conta para a planificación estratéxica futura da organización.

O informe de avaliación analizará as seguintes dimensións:

- O grao de cumprimento dos obxectivos do plan.
- O grao de consecución dos resultados esperados.
- O nivel de desenvolvemento das accións emprendidas.
- O grao de dificultade atopado/percibido no desenvolvemento das accións.
- O tipo de dificultades e solucións emprendidas.
- Os eventuais cambios producidos nas accións e no desenvolvemento do plan, atendendo á súa flexibilidade.

## ANEXO 1: TÁBOAS RESUMO DO PROGRAMA DE ACCIÓNS

### ÁREA ESTRATÉXICA 1. PROXECCIÓN SOCIAL E COMUNICACIÓN

**Obxectivo estratéxico: ampliar a proxección social de Sarela e reforzar o seu papel como referente principal na atención e na defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza**

**Obxectivo operativo 1.1 Reforzar a incidencia política de Sarela para dar adecuada resposta ás necesidades e ás demandas prioritarias**

ACCIÓNS	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
1.1.1 Reforzo das actuacións de incidencia co organismo competente en materia de sanidade para sistematizar e protocolizar a información sobre Sarela e os seus servizos en todos os centros sanitarios da área sanitaria.	Xunta Directiva, Dirección de Sarela e Dirección da Fegadace	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de reunións celebradas</li> <li>Nº de contactos realizados</li> <li>Acordos establecidos</li> <li>Nº e tipo de accións de mellora da información impulsadas pola C. de Sanidade</li> <li>% incremento de persoas que acceden á entidade a través de servizos sanitarios</li> </ul>				
1.1.2 Incremento dos contactos coas entidades de referencia no ámbito do emprego para dar a coñecer a asociación e o seu servizo de orientación laboral.	Xunta Directiva, Dirección de Sarela e Dirección da Fegadace	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de contactos realizados</li> <li>Nº de reunións celebradas</li> <li>Acordos establecidos</li> <li>Nº e tipo de accións de mellora da información impulsadas polos organismos de emprego</li> <li>% incremento de persoas que acceden ao servizo de orientación laboral a través do servizo público de emprego</li> </ul>				

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
1.1.3 Fortalecemento dos contactos e das actuacións de influencia nos concellos da área sanitaria para a mellora da información sobre Sarela e os seus servizos desde os Servizos sociais e de Emprego municipais.	Xunta Directiva, Dirección de Sarela e Dirección da Fegadace	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de contactos realizados</li> <li>Nº de reunións celebradas</li> <li>Acordos establecidos</li> <li>Nº e tipo de accións de mellora da información impulsadas polos organismos de emprego e servizos sociais</li> <li>% incremento de persoas que acceden á entidade a través de servizos municipais</li> </ul>				
1.1.4 Continuidade da participación nas actividades de promoción da implantación do proceso asistencial integrado do dano cerebral (PAI) e do Código diagnóstico DCA.	Xunta Directiva, Dirección de Sarela e Dirección da Fegadace	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de reunións celebradas</li> <li>Nº de contactos realizados</li> <li>Nº e tipo de accións de difusión</li> <li>Acordos establecidos</li> <li>PAI elaborado</li> <li>Código diagnóstico implantado</li> </ul>				
1.1.5 Incremento das actuacións relacionadas coa demanda da mellora do transporte (garantía de servizo de transporte adaptado, melloras na accesibilidade do transporte colectivo, bonificacións, gratuidade etc.)	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de contactos realizados</li> <li>Nº de reunións celebradas</li> <li>Nº e tipo de demandas trasladadas</li> <li>Organismos implicados</li> </ul>				

## Obxectivo operativo 1.2 Ampliar o coñecemento do dano cerebral adquirido e avanzar na mellora da prevención e a sensibilización na súa área de influencia

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
1.2.1 Incremento da realización de propostas de acción en materia de prevención e de sensibilización social sobre o dano cerebral adquirido ás entidades de ámbito autonómico (Fegadace e CERMI) e coparticipación no seu desenvolvemento.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de propostas trasladadas</li> <li>Nº de reunións celebradas</li> <li>Organismos implicados</li> <li>Nº e tipo de accións de colaboración desenvolvidas</li> </ul>				
1.2.2 Reforzo dos contactos co movemento asociativo e veciñal dos concellos da área sanitaria para a organización de accións de sensibilización e información sobre o dano cerebral adquirido, desde un enfoque preventivo.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de contactos realizados</li> <li>Nº de reunións celebradas</li> <li>Asociacións implicadas</li> <li>Nº e tipo de accións desenvolvidas</li> <li>Nº de persoas participantes nas accións</li> </ul>				
1.2.3 Continuidade da participación, colaboración e coorganización en eventos deportivos e outras iniciativas cívicas e sociais que se promovan, por parte de calquera axente social da área de actuación e do movemento asociativo de dano cerebral galego.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de accións realizadas</li> <li>Entidades organizadoras</li> </ul>				

## Obxectivo operativo 1.3 Afianzar a imaxe e a proxección social da entidade

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
1.3.1 Ampliación da presenza virtual da asociación en redes sociais e plataformas de interese.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de accións realizadas</li> <li>RRSS con presenza de Sarela</li> <li>Novas redes e plataformas con presenza de Sarela</li> <li>% de incremento da presenza en redes respecto ao ano anterior</li> </ul>				
1.3.2 Incremento da distribución de materiais informativos de distinta índole sobre a asociación Sarela (trípticos, guías, cartelería).	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de materiais informativos elaborados</li> <li>Nº e tipo de materiais informativos editados</li> <li>% de incremento respecto ao ano anterior</li> </ul>				
1.3.3 Elaboración de argumentarios comúns para os cargos directivos e de representación da asociación de forma coordinada e en colaboración co movemento asociativo autonómico e estatal.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de propostas argumentarias recollidas segundo o ámbito de interese</li> <li>Nº de persoas participantes na elaboración por cargo</li> <li>Entidades participantes/coordinadas</li> <li>Argumentarios aprobados</li> </ul>				
1.3.4 Elaboración dunha programación anual de actuacións para a visibilización da actividade de Sarela (organización de xornadas de portas abertas; colaboración con outras entidades para a realización de eventos etc.).	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Programación deseñada</li> <li>Nº e tipo de actividades propostas</li> <li>Nº e tipo de actividades desenvolvidas</li> <li>Entidades participantes/colaboradoras</li> <li>Colectivos destinatarios</li> <li>Nº de persoas asistentes</li> <li>Nº de medios nos que se difunden as actuacións</li> </ul>				



ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
1.3.5 Revisión e, no seu caso, actualización da imaxe, da interface e da estruturación de contidos da páxina web corporativa.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Revisión realizada</li> <li>• N° e tipo de cambios aplicados na web corporativa</li> <li>• Contidos incrementados</li> <li>• N° de visualizacións/descargas</li> <li>• % de incremento no n° de visualizacións/descargas</li> </ul>				
1.3.6 Deseño dunha programación de actuacións para a celebración do 25 aniversario de Sarela.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Programación deseñada</li> <li>• N° e tipo de actuacións programadas</li> <li>• N° e tipo de actuacións realizadas</li> <li>• N° de colectivos/persoas participantes</li> <li>• Entidades colaboradoras</li> </ul>				
1.3.7 Actualización anual do Plan de comunicación da entidade.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actualizacións efectuadas</li> <li>• N° e tipo de actuacións efectuadas</li> <li>• N° de novas actuacións efectuadas</li> <li>• N° de novos colectivos destinatarios</li> </ul>				

**ÁREA ESTRATÉGICA 2. SERVIZOS E PROGRAMAS DE CALIDADE PARA AS PERSOAS E AS FAMILIAS**
**Obxectivo estratéxico: garantir a atención integral ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias en todas as fases**
**Obxectivo operativo 2.1 Ofrecer programas e servizos de calidade ás persoas usuarias e ás súas familias**

ACCIÓNS	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
2.1.1 Aumento do número de prazas públicas concertadas no centro de día - Servizo de Atención Diúrna Terapéutica (SADT).	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de actuacións impulsadas</li> <li>Nº de prazas públicas concertadas incrementadas</li> <li>% incremento de persoas usuarias na modalidade pública</li> </ul>				
2.1.2 Ampliación da oferta de prazas do Servizo de mellora e mantemento da autonomía persoal e inclusión social (MAPIS).	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de actuacións impulsadas</li> <li>Nº de prazas incrementadas</li> <li>Nº de persoas usuarias por sexo</li> </ul>				
2.1.3 Reforzo dos servizos de atención ás familias cuidadoras de persoas con gran dependencia que non poden asistir aos servizos sociosanitarios da entidade.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de actuacións impulsadas</li> <li>Nº de persoas atendidas</li> <li>% de persoas atendidas respecto ao ano anterior</li> </ul>				
2.1.4 Valoración da viabilidade da implantación dun servizo itinerante en zonas rurais a partir dos resultados do proxecto piloto Rumbo, desenvolvido pola Fegadace.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de persoas usuarias na área sanitaria de referencia de Sarela</li> <li>Concellos participantes na área sanitaria de referencia de Sarela</li> <li>Avaliación do proxecto piloto</li> </ul>				

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
2.1.5 Continuidade da programación de actividades de respiro familiar tendo en conta as preferencias das familias, á vez que se garante a atención da persoa con DCA durante o respiro.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº total de familias beneficiarias</li> <li>Nº e tipo de actividades realizadas</li> <li>Nº de persoas participantes por sexo segundo a actividade</li> </ul>				
2.1.6 Valoración dos horarios da actividade de terapia acuática co fin de adaptalos ás preferencias das persoas usuarias.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise da demanda/preferencias das persoas usuarias</li> <li>Estudo de capacidade/dispoñibilidade segundo os horarios</li> <li>Tipo de cambios aplicados</li> <li>Ampliación horaria efectuada</li> </ul>				

**Obxectivo operativo 2.2 Optimizar a organización dos recursos para facilitar a adaptabilidade permanente ao cambio**

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
2.2.1 Análise periódica dos perfís profesionais do cadro de persoal da organización para adaptalos ás necesidades de funcionamento dos distintos servizos e a novas necesidades de atención das persoas e das familias atendidas.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise efectuada e periodicidade</li> <li>Perfís profesionais actuais</li> <li>Perfís profesionais demandados/necesarios</li> <li>Nº de novas incorporacións por posto de traballo/perfil profesional</li> </ul>				

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
2.2.2 Adquisición de novos recursos tecnolóxicos innovadores para a atención das persoas e das familias.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de recursos tecnolóxicos adquiridos</li> </ul>				
2.2.3 Desenvolvemento dun plan de mellora do servizo de transporte ao centro de día a partir da análise das necesidades identificadas (rutas demandadas e con dificultades de servizo, traxectos de excesiva duración, problemas das familias para o seu financiamento etc.).	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise de necesidades efectuada</li> <li>Nº de familias afectadas (sen servizo, con dificultades manifestadas para o pagamento etc.)</li> <li>Nº e tipo de actuacións impulsadas</li> <li>Melloras no servizo de transporte implantadas</li> </ul>				
2.2.4 Análise continua dos espazos e dos usos do centro e, no seu caso, reorganización das actividades e dos servizos para adaptalos á demanda.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise efectuada</li> <li>Nº e tipo de servizos e espazos con desaxustes</li> <li>Nº e tipo de modificacións aplicadas (reorganización de actividades, cambios en espazos etc.)</li> </ul>				

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
2.2.5 Análise da demanda e do impacto xerado a partir dos puntos informativos que Sarela ten nos concellos e revisión, se procede, da organización dos servizos (emprazamento, días de presenza etc.).	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise da demanda de cada punto informativo, entre outros indicadores: nº de atencións realizadas; nº de intervencións solicitadas nos concellos con puntos informativos</li> <li>Análise do impacto en cada punto informativo, entre outros indicadores: % incremento de persoas socias nos concellos con puntos informativos; nº de persoas atendidas nalgún servizo da entidade derivadas desde os puntos informativos</li> <li>Puntos informativos reorganizados</li> <li>Nº e tipo de modificacións aplicadas (reorganización horaria, días de presenza, emprazamento etc.)</li> </ul>				

## ÁREA ESTRATÉXICA 3. CONSOLIDACIÓN DA ORGANIZACIÓN

**Obxectivo estratéxico: continuar favorecendo o crecemento da entidade a través do fomento da vida asociativa e a mellora dos procesos de organización**

**Obxectivo operativo 3.1 Potenciar a participación asociativa e ampliar a base social de Sarela**

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
3.1.1 Continuidade da organización de actividades de encontro coas familias para dinamizar a asociación e garantir o relevo periódico na Xunta Directiva.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de actividades realizadas</li> <li>Nº de persoas participantes</li> <li>Nº de persoas candidatas a formar parte da Xunta Directiva por sexo</li> </ul>				
3.1.2 Posta en marcha de reunións de grupo con persoas socias con DCA para mellorar o coñecemento e a comunicación das súas demandas e necesidades.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de actuacións impulsadas</li> <li>Nº de reunións de grupo realizadas</li> <li>Nº de persoas interesadas en formar parte dun grupo de primeira persoa por sexo</li> </ul>				
3.1.3 Conformación dun grupo de primeira persoa para a participación directa en espazos de representación da entidade e a reivindicación do seus dereitos.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de actuacións impulsadas</li> <li>Nº de reunións de grupo realizadas</li> <li>Grupo conformado</li> <li>Nº de persoas integrantes por sexo</li> <li>Nº de procesos con participación do grupo de 1ª persoa (espazos, foros, asistencia a reunións de incidencia política etc.)</li> </ul>				

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
3.1.4 Elaboración de documentos informativos que faciliten e guíen o labor do grupo de primeira persoa.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de documentos elaborados</li> <li>Nº e tipo de accións formativas/de titorización realizadas</li> <li>Nº de persoas participantes nas accións</li> </ul>				
3.1.5 Revisión do formato das asembleas de persoas socias e das reunións da Xunta Directiva para facilitar a dinámica das sesións e a participación.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de actuacións impulsadas</li> <li>Modificacións introducidas no formato das asembleas de persoas socias</li> <li>Modificacións introducidas no formato das reunións da Xunta Directiva</li> <li>Incremento cualitativo da participación</li> </ul>				
3.1.6 Recollida e análise de información sobre as necesidades e intereses das persoas e as familias usuarias a través das enquisas que se realizan periodicamente.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inclusión de preguntas sobre necesidades e intereses nas enquisas</li> <li>Análise da información</li> <li>Redacción de documento de análise</li> </ul>				
3.1.7 Implantación de sistemas para que as familias e as persoas con DCA trasladen as súas demandas en centros da rede SERGAS e puntos informativos.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de accións impulsadas</li> <li>Nº de mecanismos implantados para a recollida de información</li> <li>Análise das demandas</li> </ul>				
3.1.8 Incremento das actuacións de captación de novas persoas colaboradoras e de voluntariado no marco das distintas accións de colaboración de Sarela.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de accións de captación realizadas</li> <li>Nº de novas persoas colaboradoras por sexo</li> <li>Nº de novas persoas voluntarias por sexo</li> </ul>				

## Obxectivo operativo 3.2 Mellorar os procesos organizativos e de xestión

ACCIÓNS	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
3.2.1 Capacitación das persoas integrantes da Xunta Directiva a través da súa participación nas accións formativas de mellora de habilidades directivas, comunicativas e de liderado organizadas no marco dos plans de formación da Fedace e da Fegadace.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de accións formativas dispoñibles</li> <li>Nº de persoas participantes por sexo e cargo</li> </ul>				
3.2.2 Promoción de accións formativas dirixidas á mellora da cualificación das e dos diferentes profesionais da asociación.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de accións formativas ofrecidas</li> <li>Nº de profesionais participantes por sexo e posto/perfil</li> </ul>				
3.2.3 Continuidade das accións de transformación dixital da entidade: implantación de ferramentas dixitais, renovación de equipos etc.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de ferramentas s dixitais implantadas</li> <li>Nº e tipo de equipamentos tecnolóxicos adquiridos</li> </ul>				
3.2.4 Desenvolvemento de accións de formación dirixidas ao persoal de Sarela para o manexo das novas tecnoloxías implantadas.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de accións formativas realizadas</li> <li>Nº de profesionais participantes por sexo e posto/perfil</li> </ul>				
3.2.5 Análise e valoración periódica dos resultados do rexistro que recolle a información sobre a fonte de derivación ou vía de coñecemento de Sarela.	Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise do rexistro efectuada e periodicidade</li> <li>Resultados da análise</li> </ul>				



## ÁREA ESTRATÉXICA 4. SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

Obxectivo estratéxico: garantir a sustentabilidade económica de Sarela con novos recursos e fórmulas de financiamento

Obxectivo operativo 4.1 Diversificar as fontes de financiamento

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
4.1.1 Colaboración activa da asociación nos procesos de incidencia da Fegadace dirixidos á implantación dun modelo de financiamento estable a longo prazo para as entidades sociais do ámbito da discapacidade.	Xunta Directiva, Dirección de Sarela e Dirección da Fegadace	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de reunións celebradas</li> <li>Nº de contactos realizados</li> <li>Nº de comunicacións</li> <li>Nº de persoas participantes e entidade/institución</li> <li>Acordos establecidos</li> <li>Nº e tipo de cambios introducidos no sistema de financiamento</li> </ul>				
4.1.2 Revisar e actualizar, no seu caso, o código de conducta de Sarela sobre a tipoloxía de empresas que se consideran aliñadas cos fins e a misión da asociación e como posibles fontes de financiamento.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión efectuada</li> <li>Cambios introducidos, no seu caso</li> </ul>				
4.1.3 Posta en marcha dunha campaña de captación de novas empresas colaboradoras.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº e tipo de accións efectuadas (campañas, entrevistas, visitas, charlas en centros de traballo etc.)</li> <li>Nº de empresas contactadas</li> <li>Nº de novas empresas colaboradoras</li> <li>Recadación (importe)</li> <li>% incremento financeiro de orixe privada con respecto ao ano anterior</li> </ul>				

ACCIÓNS	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
4.1.4 Deseño e posta en marcha dunha campaña de fundraising dixital (captación de fondos a través de mailing, en RRSS etc.).	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campaña realizada</li> <li>• N° e tipo de canles utilizadas (mailing, redes sociais, captación telefónica etc.)</li> <li>• N° de novas colaboracións</li> <li>• Recadación (importe)</li> <li>• % incremento financeiro de orixe privada con respecto ao ano anterior</li> </ul>				
4.1.5 Promoción de actividades para a recadación de fondos no ámbito deportivo, social, cultural etc. en colaboración con empresas e outras organizacións.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N° e tipo de actividades realizadas</li> <li>• N° de entidades/institucións colaboradoras</li> <li>• N° de empresas colaboradoras/patrocinadoras</li> <li>• Recadación (importe)</li> <li>• % incremento financeiro de orixe privada con respecto ao ano anterior</li> </ul>				
4.1.6 Deseño dun paquete de produtos de merchandising e posta en marcha do sistema de venda (venda a través da web corporativa, en eventos sociais como festas, feiras etc.)	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Produtos deseñados</li> <li>• Sistemas de venda impulsados</li> <li>• Recadación por tipo de sistema de venda (importe)</li> </ul>				

Obxectivo operativo 4.2 Optimizar os recursos económicos, humanos e materiais da entidade

ACCIÓN	AXENTES RESPONSABLES	INDICADORES	2023		2024	
			1ºS.	2ºS.	1ºS.	2ºS.
4.2.1 Elaboración dun plan de financiamento.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración do plan</li> <li>% incremento anual de fondos propios</li> </ul>				
4.2.2 Definición e posta en marcha de actuacións que garantan os recursos económicos e humanos para asegurar o proxecto de construción do novo centro de atención de Sarela.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fondos garantidos/reservados (importe)</li> <li>Préstamos concedidos (importe etc.)</li> <li>Subvencións concedidas (importe etc.)</li> </ul>				
4.2.3 Valoración e incremento, no seu caso, das achegas de persoas socias e de persoas e empresas colaboradoras.	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Valoración das cotas actuais</li> <li>Nº e tipo de accións impulsadas para o incremento das achegas</li> <li>Recadación (importe)</li> <li>% incremento financeiro de orixe privada con respecto ao ano anterior</li> </ul>				
4.2.4 Deseño e posta en marcha dun sistema para o alugueiro de espazos da asociación (fóra dos horarios de uso de Sarela).	Xunta Directiva e Dirección	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sistema impulsado</li> <li>Espazos alugados</li> <li>Nº de solicitudes</li> <li>Nº de entidades usuarias</li> <li>Recadación polo alugueiro (importe)</li> </ul>				

---

## ANEXO 2: FICHAS PARA O SEGUIMENTO

---

---

### FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN SOBRE AS ACTUACIÓNS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA SARELA 2023-2024

---

#### INSTRUCCIÓN PARA A COBERTURA

Cubrirase unha ficha para cada actuación. É imprescindible dispoñer do documento do Plan Estratéxico para unha axeitada cobertura, coa identificación exacta da área estratéxica, obxectivo operativo e acción.

(Preferiblemente a cobertura da ficha realizarase na ficha dixitalizada -en lugar de manualmente-, para o que deberá escribir nos espazos sombreados en gris).

---

#### DATOS DE CONTACTO DA PERSOA QUE COBRE A FICHA

**Nome e apelido:**

**Cargo:**

**Enderezo electrónico:**

**Teléfono:**

**Data cobertura formulario:**

---

#### ÁREA ESTRATÉXICA NA QUE SE INCLÚE A ACTUACIÓN

ÁREA 1       ÁREA 2       ÁREA 3       ÁREA 4

---

#### OBXECTIVO OPERATIVO NO QUE SE INCLÚE A ACTUACIÓN

1.1       1.2       1.3       2.1       2.2       3.1  
 3.2       4.1       4.2

---

**ACCIÓN DO PLAN NA QUE SE INCLÚE** (Indicar os tres díxitos completos da acción ou accións nas que se encadra a actuación desenvolvida).

---

**DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN** (Nome completo da actuación desenvolvida).

---

---

**DESCRIPCIÓN** (Información resumida e clara sobre a natureza, contexto e contido da actuación, beneficio ou recurso, así como sobre os obxectivos e necesidades ás que responde).

---

**POBOACIÓN OU ENTIDADES DESTINATARIAS** (Describir de forma detallada a que persoas –ou colectivos– está dirixida a actuación (familias, persoas usuarias, persoal técnico, representantes políticos/as, poboación xeral etc.) e, no seu caso, a que entidades/organizacións (consellerías, Deputación, concellos, centros educativos, colexios profesionais, entidades de iniciativa social etc.).

Persoas destinatarias:

Entidades/organizacións  
destinatarias:

---

**NÚMERO DE PERSOAS PARTICIPANTES POR SEXO** (Desagregación por sexo sempre que sexa posible. Cando menos, realice unha estimación aproximada da realidade).

Mulleres

Homes

---

**INDICADORES** (Indicar os datos atendendo aos indicadores recomendados no propio plan para á acción na que se encadra. Se non é posible axustar a información aos ditos indicadores, detallar outros manexados).

---

**ENTIDADES COLABORADORAS** (Indicar o nome das entidades, asociacións, empresas, administracións etc. que colaboraron no desenvolvemento da actuación).

---

**LOCALIDADE/S NA QUE SE DESENVOLVEU A ACTUACIÓN** (Lugar no que se desenvolveu a actuación).

---

**RECURSOS ECONÓMICOS DEDICADOS** (Indicar o nome das entidades ou organismos que participaron no financiamento da actuación e o respectivo orzamento dedicado).

Nome da/s entidade/s ou organismo/s

Orzamento

€

€

€

---

**MEDIOS E SOPORTES DE DIFUSIÓN** (Indicar os medios utilizados para a difusión da actuación: prensa, radio, TV, anuncios, web de Sarela, cartelería, folletos, correo electrónico, correo postal, contacto telefónico etc.)

**DATA DE REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN**

Día e mes:

Ano:

2023

2024

---

**OBSERVACIÓNS** (utilice este espazo para sinalar os comentarios que considere oportunos ou esclarecer algunha das cuestións do formulario).

---

---

FICHA PARA O SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS DO PLAN  
ESTRATÉXICO DA ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA SARELA 2023-2024

---

**INSTRUCCIÓN PARA A COBERTURA**

Cubrirase unha ficha para cada acción do plan. (Preferiblemente a cobertura da ficha realizarase na ficha dixitalizada -en lugar de manualmente-, para o que deberá escribir nos espazos sombreados en gris).

---

**DATOS DE CONTACTO DA PERSOA QUE COBRE A FICHA**

**Nome e apelido:**

**Cargo:**

**Enderezo electrónico:**

**Teléfono:**

**Data cobertura formulario:**

---

**ACCIÓN DO PLAN** (Indicar os tres díxitos completos da acción).

---

**INDICADORES DE SEGUIMENTO** (Indicar os datos atendendo aos indicadores incluídos no plan para esa acción. Se non é posible axustar a información aos ditos indicadores, detallar outros manexados).

---

**NIVEL DE EXECUCIÓN** (Indicar o estado de execución da acción).

Finalizada

En execución

Pendente

---

**MOTIVO/S DA NON EXECUCIÓN** (Indicar o/s motivo/s polo que a medida **non** se desenvolveu ou non se completou totalmente).

Falta de recursos humanos

Falta de recursos materiais

Falta de tempo

Falta de participación

Descoordinación con outros  
dptos. ou órganos da entidade

Descoñecemento sobre o  
desenvolvemento

Outros motivos. Especificar:

---

**INDICADORES DE PROCESO** (cúbrase no caso de que a acción se levase a cabo: finalizada ou en execución).

Adecuación dos recursos asignados:

Dificultades e barreiras atopadas na implantación:

Solucións adoptadas:

---

---

**INDICADORES DE IMPACTO** (cúbrase no caso de que a acción se levase a cabo: finalizada ou en execución).

Melloras producidas:

Propostas de futuro:

---

**OBSERVACIÓN** (utilice este espazo para sinalar os comentarios que considere oportunos ou esclarecer algunha das cuestións do formulario).

---